

CONCURSO DE HAIKUS IES PEDRAS RUBIAS 2020

Haikus para Rosalía

O día 24 de febreiro cúmprense 183 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un dos piares imprescindibles no Rexurdimento poético da nosa lingua e para celebralo faremos unha homenaxe a través deste concurso de haikus.

BASES

PARTICIPANTES

- Todo o alumnado de ESO.

TEXTOS

- Os haikus estarán en galego, orixinais e inéditos.
- Cada concursante ha de presentar un poemario de tres haikus como mínimo ou cinco como máximo.
- **O tema** será libre, pero deberán incluír vocabulario de Follas novas . Habará unha listaxe deste léxico na aula.
- **Métrica:** Debe axustarse ao canon clásico: tres versos de 5-7-5 sílabas.

PRAZOS E FASES DO CONCURSO:

- Os textos deberán estar en formato dixital.
- Irán asinados cun pseudónimo d@ autor/a.
- Meteralo nun sobre aberto que levará escrito, na parte frontal, o pseudónimo.
- Dentro do sobre debes incluír, tamén, un papel, perfectamente dobrado, no que apareza o teu nome e o teu curso de referencia.
- O sobre depositaralo nunha caixa de correo habilitada, na biblioteca, para este fin.
- A caixa estará dispoñible dende o martes 11 de febreiro ata o xoves 20 de febreiro.
- Un xurado formado por profesores de diferentes departamentos seleccionará os haikus gañadores.
- A entrega de premios será o venres, 28 de febreiro, na biblioteca.

PREMIOS

- Primeiro premio, ao mellor poemario.
- Segundo premio, ao mellor poemario
- Terceiro premio, ao mellor poemario.

